

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

10966 *Orde DEF/2096/2015, do 29 de setembro, pola que se fixan os termos e as condicións para que o militar poida residir nun municipio distinto ao de destino.*

O artigo 22.1 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, establece que os militares estarán en dispoñibilidade permanente para o servizo. Así mesmo, sinala que as exixencias desa dispoñibilidade se adaptarán ás características propias do destino e ás circunstancias da situación.

Deste deber de carácter profesional deriva, para os membros das Forzas Armadas, a necesidade de que o militar estableza a súa residencia no municipio do seu destino, tal e como se sinala no artigo 23.1 da citada Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, que poderá ser un distinto sempre que se asegure o adecuado cumprimento das súas obrigas, nos termos e situacións que se regulan nesta orde ministerial.

Por outra banda, o artigo 23.2 establece que o militar ten a obriga de comunicar na súa unidade o lugar do seu domicilio habitual ou temporal, así como calquera outro dato de carácter persoal que faga posible a súa localización se as necesidades do servizo o exixen.

Os actuais medios de transporte públicos e privados e os avances nas tecnoloxías das comunicacións permiten que os desprazamentos e traslados sexan máis rápidos e seguros, facilitando a posibilidade de localizar o militar cando as circunstancias da situación o requiran, co que se fai compatible a dispoñibilidade permanente para o servizo do membro das Forzas Armadas coa posibilidade de que fixe a súa residencia habitual nun municipio distinto ao de destino, sempre que se dean as condicións establecidas nesta orde ministerial.

É importante facer unha mención expresa a que esta orde ministerial se encontra supeditada ao disposto no artigo 3.1 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, que establece que son comisións de servizo con dereito a indemnización as tarefas especiais que circunstancialmente se lle ordenen ao persoal comprendido no artigo 2 do mencionado real decreto e que deba desempeñar fóra do termo municipal onde radique a súa residencia oficial, entendéndose como tal o termo municipal correspondente á oficina ou dependencia en que se desenvolvan as actividades do posto de traballo habitual, salvo que, de forma expresa e segundo a lexislación vixente, se autorizase a residencia do persoal en termo municipal distinto ao correspondente ao dito posto de traballo e se faga constar na orde ou pasaporte en que se designe a comisión tal circunstancia. Esta autorización non altera o concepto de residencia oficial polo que, en ningún caso, poderá ter a consideración de comisión de servizo o desprazamento habitual desde o lugar onde se estea autorizado a residir ata o do centro de traballo, aínda que estes se encontren en termos municipais distintos.

A teor do disposto no artigo 57.6 do Real decreto 1286/2010, do 15 de outubro, polo que se aproba o Estatuto do Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa, incluíuse unha disposición adicional sobre a acreditación da residencia habitual. Todo isto sen prexuízo dos criterios que para a aplicación do preceptuado no dito artigo estableza o mencionado instituto.

Finalmente, o disposto nesta orde ministerial é independente do regulado no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, en especial o referido á residencia oficial na definición das comisións de servizo con dereito a indemnización.

Durante a súa tramitación, esta orde ministerial foi sometida a informe das asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros

das Forzas Armadas. Finalmente, de conformidade co establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, foi sometida a informe do Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ministerial ten por obxecto regular:

a) Os termos e as condicións para que o militar poida residir nun municipio distinto daquel en que radica a súa unidade de destino ou a unidade onde se encontre en comisión de servizo.

b) O deber de comunicar o seu domicilio habitual ou temporal, así como outros datos de carácter persoal, na súa unidade de destino ou na que estea en comisión de servizo, para os efectos da súa localización se as necesidades do servizo o exixen.

2. Esta norma será de aplicación ao persoal militar que se encontre nas situacións administrativas de servizo activo ou reserva, destinado ou en comisión de servizo, en calquera unidade, centro ou organismo das Forzas Armadas, e aos alumnos do ensino militar de formación.

Artigo 2. *Dispoñibilidade permanente para o servizo.*

Os militares estarán en dispoñibilidade permanente para o servizo. As exixencias desa dispoñibilidade adaptaranse ás características propias do destino e ás circunstancias da situación, de acordo co establecido no artigo 22.1 da Lei 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas.

Artigo 3. *Residencia.*

Para os únicos efectos do disposto nesta orde ministerial, o militar poderá ocupar unha residencia de forma habitual ou temporal, entendéndose en cada un dos supostos o seguinte:

a) Residencia habitual: é a que usualmente ocupa o militar mentres presta servizos no seu destino.

b) Residencia temporal: é a que ocasionalmente pode ocupar o militar nos períodos en que por calquera causa non preste servizos ou, se for o caso, cando se encontre realizando unha comisión de servizo.

Artigo 4. *Residencia habitual.*

1. O lugar de residencia habitual do militar será o do municipio do seu destino.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, o militar poderá fixar a súa residencia habitual nun municipio distinto ao do seu destino cando se cumpran as seguintes condicións:

a) Que o municipio se encontre en territorio nacional.

b) Que poida desempeñar adecuadamente todas as obrigas militares, propias do seu posto, cargo ou función que realice.

c) Que poida cumprir, en correcto estado de condicións psicofísicas, a xornada habitual de traballo establecida na súa unidade, centro ou organismo, así como a prestación de gardas, servizos e outros horarios especiais que se determinen.

d) Que se poida incorporar ao seu destino nun prazo non superior a dúas horas desde que sexa requirido.

Este prazo poderase reducir dependendo do tipo de unidade, destino ou cargo que preste o militar e en función da situación e do estado de dispoñibilidade exixido. O subsecretario de Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e

do Exército do Aire, no ámbito das súas respectivas competencias, determinarán as unidades que requiran un prazo de incorporación inferior ao establecido nesta letra.

3. Para os efectos da contía das indemnizacións por residencia, reguladas polos acordos do Consello de Ministros do 23 de decembro de 1992, do 25 de febreiro de 2000 e posteriores sobre esta materia, entenderase por residencia a correspondente ao municipio do seu destino.

4. Os titulares de destinos que teñan asignados pavillón de cargo fixarán a súa residencia habitual no dito pavillón, independentemente do municipio en que se sitúe.

5. A autorización para establecer a residencia habitual nun municipio distinto ao de destino non será causa de exoneración, nin de atenuación da eventual responsabilidade que se poida deducir por infracción daqueles deberes de presenza e acatamento das normas sobre xornadas, horarios, gardas e servizos establecidos.

Artigo 5. *Competencia e procedemento.*

1. A competencia para a concesión ou denegación da autorización para fixar a residencia habitual nun municipio distinto ao de destino corresponde ao xefe de unidade, buque, centro ou establecemento de destino, ou no que se desempeñe unha comisión de servizo.

2. As solicitudes de autorización para fixar a residencia habitual en municipio distinto ao de destino elevaranse por conduto regular ao xefe de unidade, buque, centro ou establecemento, utilizando o modelo do anexo.

3. A autoridade competente, logo do trámite de audiencia ao interesado, resolverá por escrito, motivada e de forma individualizada, a solicitude de autorización de residencia en lugar distinto ao de destino.

4. O prazo máximo para notificar ao interesado a resolución que se adopte será de quince días hábiles contados desde o seguinte ao da presentación da solicitude ao seu superior inmediato. O vencemento deste prazo sen resolución expresa permitirá ao interesado entender a súa solicitude por estimada.

Artigo 6. *Situacións especiais.*

1. Ademais do previsto nos artigos anteriores, cando se dean circunstancias extraordinarias, familiares ou persoais, debidamente xustificadas ou por motivos de seguridade persoal contrastados, o xefe de unidade poderá autorizar o militar afectado por estas circunstancias para residir noutro municipio distinto ao de destino, sen as limitacións contidas no artigo 4.

2. Por causas sobrevidas e en situacións especiais relacionadas coas necesidades do servizo, e durante un período concreto de tempo, o xefe de unidade poderá revogar as autorizacións concedidas ou non conceder as solicitudes de autorización para fixar a residencia habitual en municipio distinto do de destino. A decisión adoptada comunicáraselle por escrito ao militar afectado, e deberá ser xustificada, motivada e individualizada.

3. Cando o xefe de unidade non dispoña de pavillón de cargo e desexe fixar a súa residencia habitual nun municipio distinto do do destino, solicitarallo ao superior xerárquico de quen dependa, axustándose ao procedemento descrito nesta orde ministerial.

Artigo 7. *Localización do militar.*

O militar ten a obriga de comunicar na súa unidade o enderezo postal da súa residencia habitual ou temporal, así como os seus números de teléfono e enderezo de correo electrónico, debidamente actualizados, que permitan a súa localización se as necesidades do servizo o requiren. Esta xestión poderase realizar a través do portal persoal ou polo procedemento establecido nas unidades, centros ou organismos.

Os datos de residencia, teléfono e enderezo de correo electrónico xestionaranse no Ficheiro de Rexistro de Información do Persoal do Ministerio de Defensa (Siperdef), que gozará das garantías de protección e reserva de uso establecidas no artigo 81 do

Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

Soamente o persoal expresamente autorizado polos xefes das unidades, centros e organismos poderá utilizar estes datos, respecto do persoal destinados neles, en comisión de servizo ou adscritos, para os efectos previstos nesta orde ministerial.

Disposición adicional primeira. *Acreditación de residencia habitual para efectos de solicitude de compensación económica.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Estatuto do Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa, aprobado polo Real decreto 1286/2010, do 15 de outubro, para os efectos de solicitude de compensación económica, entenderase por lugar de residencia habitual do militar o municipio do seu destino, acreditado mediante a correspondente publicación no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

Disposición adicional segunda. *Persoal destinado ou comisionado no estranxeiro.*

O persoal destinado ou comisionado no estranxeiro rexerese pola normativa específica do seu destino ou comisión, e seralle de aplicación supletoria o disposto nesta orde ministerial.

Disposición adicional terceira. *Persoal pendente de asignación de destino ou en reserva sen destino.*

O persoal en servizo activo pendente de asignación de destino, ou en reserva sen destino, poderá establecer libremente en calquera municipio do territorio nacional o seu lugar de residencia habitual, coa única obriga de proporcionar no seu centro ou unidade de adscrición os datos precisos para a súa localización.

Disposición transitoria primeira. *Autorizacións de residencia en vigor.*

Os xefes de unidade, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta disposición, revisarán as autorizacións de residencia en municipio distinto do destino concedidas para adecualas ao contido desta orde ministerial, e daránlle o oportuno trámite de audiencia ao persoal afectado.

Disposición transitoria segunda. *Autorizacións en tramitación.*

Ás solicitudes de autorización de residencia en municipio distinto ao de destino que se encontren en fase de resolución seralles de aplicación esta orde ministerial.

Disposición transitoria terceira. *Actualización dos ficheiros de datos.*

As unidades, centros e organismos dispoñerán de tres meses, a partir da data de entrada en vigor desta orde ministerial, para actualizar o Siperdef cos datos necesarios que permitan localizar o persoal militar destinado, en comisión de servizo ou adscrito a eles.

Disposición derogatoria única. *Derrogación de normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao preceptuado nesta orde ministerial.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde DEF/226/2012, do 3 de febreiro de 2012, pola que se crean e se suprimen ficheiros de datos de carácter persoal de diversos órganos da Dirección Xeral de Persoal.*

Modifícase o primeiro parágrafo do número 2.º, descrición dos tipos de datos, da letra d) do ficheiro 7, Rexistro de Información do Persoal do Ministerio Defensa (Siperdef), do anexo I da Orde DEF/226/2012, do 3 de febreiro de 2012, pola que se crean e suprimen ficheiros de datos de carácter persoal de diversos órganos da Dirección Xeral de Persoal, que queda redactado como segue:

«Identificativos: nome e apelidos, NIF/DNI, enderezo, teléfono, correo electrónico, imaxe/voz, número de rexistro de persoal, número da Seguridade Social/ mutualidade.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de setembro de 2015.—O ministro de Defensa, Pedro Morenés Eulate.

ANEXO

Solicitud de autorización para fixar a residencia habitual en municipio distinto do de destino

1. DATOS DO SOLICITANTE.

Nome e apelidos:		DNI:
Emprego:	Corpo:	Situación:
Municipio da unidade de destino:		
Se é o caso, municipio onde se encontra a unidade en que desempeña a comisión de servizo:		

2. MUNICIPIO E ENDEREZO ONDE DESEXA FIXAR A RESIDENCIA HABITUAL.

Municipio:	Código postal:	Provincia:
Enderezo:		
Observacións:		

3. MOTIVOS/DOCUMENTOS EN QUE FUNDAMENTA A SÚA SOLICITUDE.
(Só para situacións especiais. Xuntaranse os documentos necesarios)

--

O que asina abaixo, ao abeiro do establecido na orde ministerial vixente pola que se fixan os termos e as condicións para que o militar poida residir nun municipio distinto ao de destino, SOLICITA autorización para fixar a residencia habitual no municipio e enderezo consignados.

_____, ____ de _____ de 20__
Sinatura do interesado

Autorizado: Si Non (*)

_____, ____ de _____ de 20__
Autoridade competente

DESTINATARIO: autoridade competente.

* En virtude do establecido no artigo 5.3 desta orde ministerial, en caso de ser negativa, e logo do trámite de audiencia ao interesado, deberá motivarse e individualizarse.

Solicitud de autorización para fixar a residencia habitual en municipio distinto do de destino

1. DATOS DO SOLICITANTE.

Nome e apelidos:		DNI:
Emprego:	Corpo:	Situación:
Municipio da unidade de destino:		
Se é o caso, municipio onde se encontra a unidade en que desempeña a comisión de servizo:		

2. MUNICIPIO E ENDEREZO ONDE DESEXA FIXAR A RESIDENCIA HABITUAL.

Municipio:	Código postal:	Provincia:
Enderezo:		
Observacións:		

3. MOTIVOS/DOCUMENTOS EN QUE FUNDAMENTA A SÚA SOLICITUDE. (Só para situacións especiais. Xuntaranse os documentos necesarios)

O que asina abaixo, ao abeiro do establecido na orde ministerial vixente pola que se fixan os termos e as condicións para que o militar poida residir nun municipio distinto ao de destino, SOLICITA autorización para fixar a residencia habitual no municipio e enderezo consignados.

_____, ____ de _____ de 20__
Sinatura do interesado

Autorizado: Si Non (*)

_____, ____ de _____ de 20__
Autoridade competente

DESTINATARIO: autoridade competente.

* En virtude do establecido no artigo 5.3 desta orde ministerial, en caso de ser negativa, e logo do trámite de audiencia ao interesado, deberá motivarse e individualizarse.
EXEMPLAR PARA O INTERESADO.